CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Identificar e mellorar os propios erros na redacción e na comprensión de textos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil). - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.
- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega -e tamén do ámbito lusófono- que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).

Contidos

- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A sociedade actual, na que se insire o noso alumnado, require das súas cidadás e dos seus cidadáns a capacidade de enfrontarse a unha gran cantidade de información. Por este motivo o seu tratamento é un dos obxectivos do sistema educativo. Este reto concrétese na necesidade de integrar o manexo de diversos soportes e fontes, utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información, así como no desenvolvemento da capacidade crítica con respecto a ela. A biblioteca do centro móstrase así como un recurso cun alto valor dentro da comunidade educativa que deberemos ter en conta á hora de programar as nosas actividades docentes.

Débase ter en conta igualmente a necesidade de traballar coas catro destrezas básicas dun xeito integrado, ben que é aconsellábel nesta etapa darlles prioridade a aquelas que se detecten como as máis deficitarias para o noso alumnado dependendo do contexto.

As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional.

Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de Lingua Galega e Literatura, propóñense as seguintes orientacións metodolóxicas, entendendo que se aplicarán as que o profesorado considere adecuadas en cada caso:

- Adoptar un enfoque comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico.
- Proporcionarlle ao alumnado unhas bases teóricas sólidas para o coñecemento e a reflexión do código lingüístico e de calquera outro aspecto do temario.
- Proporcionar e traballar con textos de distinta natureza, especialmente expositivos e argumentativos.
- Promover a utilización da diversidade de fontes e recursos para a obtención da información. A busca guiada desta tanto na biblioteca coma na internet ou noutros medios, así como a composición de textos utilizando distintos soportes.
- Propiciar, non só actividades individuais, senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, o discurso argumentativo e o espírito crítico e cooperativo.
- Lectura, interpretación e valoración de obras literarias.
- Creación de dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas actividades.
- Ofrecer actividades abertas que impliquen a busca, selección e tratamento da información, a posibilidade de tomar decisións e emitir opinións sobre diferentes cuestións de forma crítica.

Ademais das explicacións pertinentes do profesorado dirixidas á clase como presentación do tema que se trate nese momento, ás que os alumnos e alumnas deberán prestar toda a atención, precísanse doutros métodos de traballo que son igualmente interesantes para avanzar con éxito no proceso de ensino/aprendizaxe.

Neste proceso é necesario a formación individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolables a outras

áreas e contextos de aprendizaxe.

Algúns aspectos da área, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmillorable para adestrar a competencia comunicativa.

Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a atención ás intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Lingua Galega e Literatura é indispensable a vinculación a contextos reais e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumno. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas ao alumnado.

Concretar as indicacións metodolóxicas establecidas no currículo para o nivel e área/materia.

Debe terse en conta que o currículo establece claramente como debe ser a metodoloxía a empregar nas aulas, polo que neste apartado do que se trata é de establecer como se «aplicarán» na aula, de forma práctica, estes principios metodolóxicos de obrigado cumprimento.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais didácticos
Lingua galega e literatura, 1º Bacharelato. Editorial Anaya. (ISBN: 978-84-143-1108-0)
«Proxecto dixital» de Anaya, 1º de bacharelato.
Os libros dixitais da editorial Anaya
Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.
Dicionarios, dispoñibles en cada aula
Unha selección de diferentes lecturas
Aula virtual do centro

Incluímos neste apartado o libro de texto, auxiliar da aprendizaxe e recurso de apoio para o alumnado. Empregaremos neste caso: Aprender é crecer en conexión, de Anaya (ISBN 9788469812518). Tamén forma parte deste apartado o material reprografado. Para atender ás diferentes necesidades educativas tamén entregaremos guións das UD, calendarios mensuais, listas de autocontrol cando sexa necesario. Especial funcionalidade terá a Aula Virtual.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso realizarase unha proba ou unha observación sistemática na aula para a avaliación inicial, co obxectivo de verificar o nivel co que chega o alumnado a cada curso, para saber cal é a situación media da aula e para detectar posibles necesidades de reforzo, apoio ou outras medidas.

Así mesmo, tamén nas primeiras semanas, o Departamento de Orientación convoca o profesorado de cada curso a unha sesión de avaliación inicial: posta en común de informes de cursos anteriores, coñecemento previo por parte do profesorado, información recadada na avaliación inicial de cada materia etc.

Estas dúas medidas axudan a coñecer o perfil de cada grupo e a detectar dificultades individuais ou colectivas merecedoras de medidas axeitadas.

AVALIACIÓN INICIAL DEPARTAMENTO LINGUA GALEGA E LITERATURA:

- **PROCEDEMENTO:** Observación sistemática. **INSTRUMENTOS:** Escalas de observación, Listas de control. Diario de clase. **TEMPORIZACIÓN:** Desde o inicio do curso ata a reunión de avaliación inicial.

- **PROCEDEMENTO:** Probas específicas. **INSTRUMENTOS:** Probas obxectivas con diferente grao de dificultade en función do curso. **TEMPORIZACIÓN:** 1ª semana do curso.

- **PROCEDEMENTO:** Cuestionarios. **INSTRUMENTOS:** Con preguntas pechadas e abertas para coñecer os seus hábitos lingüísticos. **TEMPORIZACIÓN:** Durante o primeiro trimestre

- **PROCEDEMENTO:** Cuestionarios. **INSTRUMENTOS:** Con preguntas pechadas e abertas para coñecer hábitos, afeccións, potencialidades. **TEMPORIZACIÓN:** Durante o primeiro trimestre

- **PROCEDEMENTO:** Análise dos resultados da avaliación inicial. **INSTRUMENTOS:** Reunión co Departamento de Orientación, titor/a e grupo de profesores. **TEMPORIZACIÓN:** No primeiro trimestre.

- **PROCEDEMENTO:** Información ás familias. **INSTRUMENTOS:** Reunión individual para os casos concretos e solicitude do seu consentimento. **TEMPORIZACIÓN:** No primeiro trimestre.

Canto ao modelo desta avaliación inicial, no Departamento de Lingua Galega e Literatura emprégase un tipo de proba bastante semellante en todos os cursos; dado que a aprendizaxe dunha lingua progresa en espiral, os contidos, as competencias e os obxectivos para cada un dos cursos só se distinguirán no grao de profundidade en que sexan traballados polo docente e no grao de autonomía que deberá mostrar o alumnado. Así pois, na proba cambia o grao de dificultade en relación ao nivel de aprendizaxe no que se atopa cada alumno/a e acostuma constar, basicamente, de dúas partes:

- avaliación da competencia comunicativa: actividades de comprensión e expresión a partir dun texto (habitualmente escrito, pero tamén pode ser oral);

- preguntas sinxelas sobre contidos impartidos nos cursos anteriores: cuestións gramaticais, lingua e sociedade e literatura.

A avaliación inicial deberá servir, entre outras cousas, para detectar cales das catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) son as máis deficitarias e darlles prioridade no desenvolvemento do currículo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	9	10	11	11	10	10	10	10	10	9
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	80
Táboa de indicadores	20

Criterios de cualificación:

- Probas escritas: 80 % Farase, como mínimo, unha proba escrita en cada avaliación sobre os contidos de lingua e literatura.
 - Oralidade e lectura: 20 % Este apartado desagregase do seguinte xeito:
10% Exposición oral na que o alumno/a debe demostrar a lectura dunha obra literaria de libre escolla, ou ben realización de proba oral sobre un tema previamente escollido pola profesora.
 - 10% Proba de lectura, avaliado ben, oralmente, ben con proba escrita.
- A nota de cada unha das tres avaliacións será a suma de todas as porcentaxes anteriores. Para obter o aprobado, o alumno/a deberá acadar un mínimo de 5 puntos.
- A cualificación final da convocatoria ordinaria obterase da media das tres avaliacións, e considérase aprobada se o alumno/a consegue un mínimo de 5 puntos.

Nas probas escritas poderá descontarse ata un 20% da cualificación por erros ortográficos e gramaticais. Unha palabra escrita incorrectamente de forma reiterada só se contabilizará unha vez. Isto non é aplicable á incorrecta colocación dos pronomes, ao emprego de tempos compostos nin á acentuación diacrítica.

Tipos de erros:

Moi graves (desconto 0,2 puntos cada un): solucións alleas ao estándar no nivel morfolóxico e sintáctico, por exemplo o uso de tempos compostos ou a incorrecta colocación dos clíticos. Tamén se considerarán faltas moi graves outro tipo de erros sintácticos, como por exemplo os anacolutos.

Graves (desconto 0,1 puntos cada un): solucións alleas ao estándar no nivel léxico, por exemplo o emprego de formas como *silla, *hasta ou *rodilla. Tamén se considerará falta grave a incorrecta acentuación diacrítica.

Leves (desconto 0,05 puntos cada un): solucións ortográficas contrarias ao estándar vixente (b/v, h/), acentuación non diacrítica, contraccións etc. Cada dous erros deste tipo descontan, polo tanto, unha décima (0,1).

Criterios de recuperación:

Cando un alumno/a non consiga aprobar, poderá facer unha recuperación despois de cada avaliación, nas datas acordadas entre o/a docente e o alumnado. A recuperación da 1ª avaliación farase nas primeiras semanas de xaneiro; a recuperación da 2ª avaliación terá lugar no inicio do 2º trimestre; e a recuperación da 3ª avaliación será antes da avaliación final.

O alumno/a poderá recuperar as partes suspensas na avaliación anterior. Para o cálculo da nota da recuperación, rexerán os criterios e as porcentaxes da avaliación ordinaria. A nota da avaliación final será o resultado das cualificacións obtidas polo alumnado en cada avaliación ao longo do curso e, no seu caso, das cualificacións obtidas nas partes recuperadas.

Na convocatoria extraordinaria, realizarase unha única proba escrita sobre os contidos traballados durante o curso. Esta proba apróbase tamén cun mínimo de 5 puntos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado do 1º de Bacharelato non ten materias pendentes.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

A materia de Lingua Galega e Literatura mantén en bacharelato unha continuidade coa etapa anterior, á vez que ten uns fins específicos en consonancia cos obxectivos desta etapa. Así, a educación lingüística e literaria debe contribuír á madurez persoal e intelectual da mocidade; brindar os coñecementos, habilidades e actitudes que lle permitan participar na vida social e exercer a cidadanía democrática de maneira ética e responsable, así como capacitala para o acceso á formación superior e ao futuro profesional de maneira competente.

O obxectivo da materia de Lingua Galega e Literatura oríéntase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados

no respecto e a igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe á progresión no desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

Os obxectivos de Lingua Galega e Literatura en bacharelato marcan unha progresión a respecto dos da educación secundaria obrigatoria dos que se parte nesta nova etapa.

O afondamento a respecto da etapa anterior estriba nunha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como na mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axuden a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados. Propónse tamén favorecer unha aproximación ampla á cultura, que incida nesta etapa na relación continua entre o pasado e o presente.

O primeiro dos obxectivos da materia afonda no recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal de Galicia, da Península Ibérica e do mundo, especialmente do portugués e as súas variantes noutros territorios como O Brasil, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e estimular a reflexión interlingüística e sociolingüística. Os cinco obxectivos seguintes refírense á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro refírense á comunicación oral; o cuarto, á comprensión lectora; o quinto, á expresión escrita e, por último, o

sexto pon o foco na alfabetización informacional. A seguir, os obxectivos sétimo e oitavo resérvanse para a lectura literaria, tanto autónoma como guiada na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

O desenvolvemento das competencias do alumnado reclama en bacharelato unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación. Os textos académicos son os que constrúen a formación científica e humanística de cada estudante nesta etapa; os textos dos medios de comunicación, os que os poñen en contacto coa realidade social,

política e cultural do mundo contemporáneo. Por iso, o traballo interdisciplinario é imprescindible para que o alumnado se apropie dos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento.

A respecto da competencia literaria, en bacharelato preténdese unha progresiva confluencia entre as modalidades de lectura guiada e lectura autónoma, tanto no relativo aos seus respectivos corpus como ás súas formas de fruición. O desenvolvemento da educación lingüística e literaria exige nesta etapa unha maior capacidade de abstracción e sistematización, así como o manexo dunha metalinguaxe específica que permita unha aproximación máis reflexiva aos usos orais e escritos.

Para cada obxectivo fórmulanse criterios de avaliación que establecen o nivel de desempeño esperado en cada un dos cursos. Teñen un claro enfoque competencial e atenden tanto aos procesos como aos produtos, o que reclama recursos e instrumentos de avaliación variados e con capacidade diagnóstica e de mellora. Dado o enfoque inequivocamente competencial da educación lingüística, a gradación entre os dous cursos non se establece tanto mediante unha distribución diferenciada de saberes, senón en función da maior ou menor complexidade dos textos, das habilidades de interpretación ou de produción requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos, ou o grao de autonomía conferido ao alumnado. Por iso, tanto os contidos como os criterios de avaliación gardan paralelismo nos dous cursos e continuidade evidente cos de etapas precedentes.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», afonda no recoñecemento da diversidade lingüística subliando os fenómenos que se producen no marco do contacto

entre linguas e as diferenzas entre variedades dialectais, sociolectos e rexistros, co fin de combater de maneira argumentada prexuízos e estereotipos lingüísticos. O segundo bloque, «Comunicación», integra todos os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática, vertebrándoos ao redor da realización de tarefas de produción, recepción e análise crítica de textos, con especial atención á produción de textos académicos e á recepción crítica de textos procedentes dos medios de comunicación, así como aos procesos de investigación que deben acompañar ambos os desempeños. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle os saberes e experiencias necesarios para a consolidación do hábito lector e a conformación da propia identidade lectora, o desenvolvemento de habilidades de interpretación de textos literarios, a expresión de valoracións argumentadas sobre eles e o coñecemento da evolución, configuración e interrelación entre textos a través da lectura en profundidade dalgúns obras relevantes da literatura galega e tamén da lusófona. Convida ao deseño, para cada un dos cursos, de itinerarios lectores que serán obxecto de lectura guiada na aula e que inscriben os textos no seu contexto

de produción e na tradición cultural, á vez que tenden pontes cos contextos contemporáneos de recepción. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón abordar a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación, establecendo unha relación entre coñecemento gramatical explícito e uso da lingua, a partir da reflexión e da comunicación de conclusións coa metalinguaxe adecuada.

As situacións de aprendizaxe da materia de Lingua Galega e Literatura deben adestrar o alumnado no uso dos recursos que lle permitirán afrontar os retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas; capaces de facer un uso eficaz e ético das palabras; respectuosas cara ás diferenzas; competentes para exercer

unha cidadanía dixital activa; con capacidade para adquirir información e transformala en coñecemento, e para aprender por si mesmas, colaborar e traballar en equipo; creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sustentable e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural propio, a defensa dos dereitos humanos, e a convivencia

igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

A diversidade lingüística da maior parte dos contextos escolares e a innegable necesidade dunha educación plurilingüe para todo o alumnado, convida ao tratamento integrado das linguas como a mellor canle para estimular non só a reflexión interlingüística senón tamén a aproximación aos usos sociais reais, en que a miúdo deben de manexar simultaneamente dúas ou máis linguas.

No marco galego, dada a proximidade xeográfica e os vínculos socioculturais entre Galicia e Portugal, a reflexión interlingüística no bacharelato cobra unha dimensión maior.

Así, os coñecementos básicos de portugués aprendidos na educación secundaria obrigatoria deberán ser o punto de partida para desenvolver contidos e estratexias que, alén de facilitar a intercomunicación nos dous idiomas, favorezan a adquisición doutras habilidades que, como a mediación, poden resultar moi útiles na futura traxectoria profesional das mozas e mozos galegos. Con este fin, os centros educativos, a través do equipo de dinamización da lingua galega, a biblioteca ou outros departamentos, poderán promover actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos e culturais entre o alumnado dos dous territorios (encontros, concursos, festivais...).

6. Medidas de atención á diversidade

Neste apartado establecerase de que xeito se atenderá a diversidade na aula, entendendo como tal non só alumnado con NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo) ou NEE (Necesidades Educativas Especiais), senón o feito de atender a cada alumno/a segundo as súas características persoais.

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Á hora de establecer as medidas de atención á diversidade e inclusión, habemos de recompilar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo, debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; cómpre pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.

- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos e alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe, especialmente co titor ou titora e coa orientadora do centro.

Para un correcto diagnóstico da diversidade e para poder atender as distintas necesidades de forma correcta, servirémonos de distintos recursos como ferramentas para o tratamento da diversidade: RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DE DIVERSIDADE INDIVIDUAL e RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE NO GRUPO.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	X				X
ET.2 - Educación ambiental					X	X	X	
ET.3 - Educación para a igualdade			X	X		X	X	X
ET.4 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do desenvolvemento sustentable		X					X	
ET.7 - Educación para a paz					X	X		
ET.8 - Educación para o consumidor							X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Educación cívico-social	X	
ET.2 - Educación ambiental		
ET.3 - Educación para a igualdade		

	UD 9	UD 10
ET.4 - Emprendemento	X	X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X
ET.6 - Obxectivos do desenvolvemento sustentable		X
ET.7 - Educación para a paz		
ET.8 - Educación para o consumidor		

Observacións:

Os temas transversais serán tratados en textos de natureza diversa que serán analizados e poderán servir de punto de partida para reflexións persoais ou diálogos e debates orais. Tamén se poderá partir doutros materiais audiovisuais. O profesorado será referente na dirección ética axeitada a adoptar en cada caso, e corraxirá aquelas actitudes e opinións que considere lesivas para os valores como a igualdade, a responsabilidade, a solidariedade e a tolerancia. Intentaremos lograr, entre outros, os seguintes obxectivos: -Tomar conciencia das situacións de desigualdade económica, cultural, relixiosa, lingüística do mundo entendendo que, máis que un mal inevitábel, son realidades que se poden cambiar. - Analizar as causas dos conflitos no mundo, tanto a nivel de relacións interpersoais como a nivel de Estados. Aprender a resolver discrepancias a través do diálogo, o respecto e a tolerancia. - Valorar as linguas como medios de comunicación en pé de igualdade e insistir na importancia de que elas e os seus falantes, gocen dos mesmos dereitos. - Fomentar o interese por coñecer outras culturas. Aprender a respectalas e a valoralas. - Fomentar o respecto polo medio ambiente e adquirir hábitos que contribúan á súa conservación. - Identificar e corraxir as actitudes discriminatorias ou ofensivas coas mulleres. - Eliminar os compoñentes sexistas no uso da lingua - Aprender a vivir a propia sexualidade con responsabilidade e madurez, respectando as opcións e comportamentos sexuais dos demais - Gozar dos períodos de lecer coa lectura, música, deporte, contacto coa natureza), usando a diversión procedente da tecnoloxía (televisión, internet, consolas de videoxogos) de maneira responsábel e moderada. - Entender a importancia de estar informados dos aspectos relevantes da sociedade e mostrar unha actitude crítica ante as mensaxes dos medios de comunicación. A técnica do comentario crítico, elaboración de artigos e informes tras a investigación na prensa son tamén de utilidade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
O Samaín	Concurso de relatos de medo. Colaboración co centro na mobilización entre o alumnado para a participación.	X		
Día da muller. Non á violencia machista.	Co obxectivo de denunciar a violencia que se exerce sobre as mulleres: elaboración e lectura pública de manifesto.	X		
O antroido	Elaboración de regueifas por cursos. Deseños de máscaras. Actuación de regueifeiros profesionais.		X	
Día de Rosalía	Divulgación da figura e Obra entre o alumnado coa elaboración de material audiovisual.		X	
Día da Poesía	Actividade por concretar (recital poético)		X	
Celebración das Letras galegas	Actividades por concretar (exposicións, recitais, representacións dramatizadas...)			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Encontros coa autor/a	Visita ao centro de algún autor/a de obra de lectura obrigada entre o alumnado. Actividade por concretar.			X
Teatro	Lecturas dramatizadas. Pequenas representacións por determinar. Visita de algunha compañía teatral ao centro.			X

Observacións:

Sobre as actividades complementarias e extraescolares aínda non podemos ofrecer o suficiente detalle, pois en moitos casos dependemos de factores externos. Ofreceremos a nosa colaboración ao Equipo da Biblioteca, ao Equipo de Dinamización da Lingua Galega, así como á Vicedirección do centro na organización de actividades relacionadas coa nosa materia.

Actividades complementarias

Estas actividades estarán centradas na investigación arredor da lingua, da cultura, da historia e das tradicións: Día de Rosalía, Día da Poesía, actividades relacionadas coa celebración do Día das Letras Galegas.

Actividades extraescolares

Algunhas das actividades que se poidan desenvolver ao longo do curso dependerán do interese do alumnado ou do seu custo. Entre outras posibilidades, sinalamos as seguintes:

Asistencia a obras de teatro, segundo a oferta das diferentes compañías ou das institucións: Concello de Vilagarcía etc.

Asistencia a sesións de contacontos, conferencias, charlas con axentes sociais etc. sobre temas de interese para a materia en particular e para a cultura e a arte galegas en xeral.

Visualización de cine en galego.

Rutas de interese didáctico pola comarca ou por outros lugares, entre eles un roteiro sobre Historia da lingua, realizado en Santiago de Compostela.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avalía e xulga en función dos criterios da programación: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Ofrece oportunidades de recuperación: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Metodoloxía empregada
Planifica leccións, ensina e avalía: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
É ordenado/a nas explicacións: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Explica con claridade: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Demostra coñecemento da materia: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Medidas de atención á diversidade
Resolve dúbidas: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE

Clima de traballo na aula
Crea ambiente de aprendizaxe: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Motiva ao alumnado: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE

Descrición:

O proceso de ensino-aprendizaxe é dinámico e participativo. Como docentes temos que dispor de instrumentos que nos permitan ir calibrando e reaxustando as nosas debilidades e fortalezas e aqueles aspectos que o necesiten, un control permanente da calidade co fin de mellorar o proceso.

Para avalialo, cómpre realizar unha recollida sistemática de información. Para iso describiremos unha listaxe de indicadores de logro que nos permitirán observar o avance do proceso, o cumprimento da programación e a práctica docente. Este traballo de reflexión sobre o proceso de ensino e a práctica docente permitirános:

- Diagnosticar os puntos fortes e débiles.
- Coñecer o punto de partida do alumnado, facilitando a adaptación do currículo e a toma de decisións respecto á organización da programación.
- Regular a aprendizaxe do alumnado, a metodoloxía, o nivel de esixencia, a cantidade de contidos... en función do desenvolvemento acadado polo alumno/a.
- Prever ou estimar os rendementos e desempeños do alumnado.
- Reconducir os distintos elementos da formación en función do progreso do alumno/a.
- Atender ás esixencias da Administración no seguimento e control da práctica docente.
- Introducir propostas de mellora.

Como instrumento para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe, temos unha escala de valoración descritiva de carácter trimestral.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación didáctica é un dos aspectos fundamentais do traballo docente, xa que permite determinar con exactitude os puntos fracos e as fortalezas do traballo desenvolto ao longo de todo un curso académico.

A axeitada posta en marcha de mecanismos de avaliación da programación propiciará unha mellora do traballo nas aulas. Con todo, debemos ter en conta que metodoloxías, materiais, recursos ou actividades que funcionan durante un curso poden non facelo no seguinte. Para minimizar estes inconvenientes, debemos contar cun amplo repertorio de recursos e apoiarnos en metodoloxías que permitan as adaptacións curriculares que sexan precisas.

Á hora de avaliarmos o cumprimento da programación, debemos considerar unha serie de indicadores de logro que teñan en conta como mínimo os seguintes elementos: obxectivos, contidos, consecución dos estándares de aprendizaxe, contribución aos obxectivos xerais da etapa, contribución ao desenvolvemento das competencias clave, procedementos e instrumentos de avaliación, factores que favoreceron o cumprimento da programación e causas de non cumprimento, reflexión sobre as posibles situacións imprevistas acontecidas ao longo do curso e propostas de mellora.

9. Outros apartados

1. Ausencia xustificada dun alumno/a aos exames e medidas en caso de comportamento inadecuado durante as probas

- En caso de ausencia xustificada dun alumno/a a unha proba sinalada con anterioridade, este/a terá que facer a proba xusto o día en que se incorpore de novo á aula.
- A superación dos exames deberá conseguirse de forma lícita. Polo tanto, o feito de copiar nunha proba, colaborar activamente para que un compañeiro/a copie, levar teléfono móbil, auriculares, "chuletas" (aínda que non sexan usados) ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar os resultados propios ou alleos mediante procedementos deshonestos, suporá a retirada do citado exame, obtendo unha cualificación de 0 puntos. O alumno/a infractor realizará outra proba diferente na data proposta polo profesor ou profesora.